

Avia Veira González naceu o 6 de setembro de 1986 na cidade da Coruña. Criouse no barrio de Labañou malia que actualmente vive no de Monte Alto co seu home e os seus dous fillos.

Licenciouse en 2009 en Filoloxía Galega pola UdC onde tamén cursou o Curso de Aptitude Pedagóxica. Ten o título de Formación de Profesores de Galego que a habilita para impartir cursos CELGA. Tamén posúe o título oficial de Monitora de Actividades de Tempo Libre.

Na súa faceta como filóloga, durante a carreira e logo da súa titulación colaborou coa corrección de varios números da revista *Biblos Clube de Lectores*. Obtivo unha bolsa da Fundación da Universidade da Coruña para traballar no Servizo de Normalización Lingüística do Concello da Coruña. Logo de case dous anos no paro, en 2011 foi técnica de normalización lingüística do Concello de Monfero cun contrato temporal. Realizou unha investigación titulada *Os prexuízos lingüísticos das mulleres a través das súas palabras* que foi exposta nunha conferencia no marco das VI Xornadas de Lingua e Usos: Lingua e Xénero organizadas pola Universidade da Coruña e Real Academia Galega mais tamén nas VIII Xornadas da Muller organizadas pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega.

Alén do español e o galego, como linguas maternas, estudou durante os catro anos de carreira o portugués. Como filóloga e namorada das linguas, estudou o nivel intermedio de conversación de Inglés no Centro de Linguas da UdC e realizou un curso de iniciación ao Italiano no mesmo centro.

Nos últimos anos cursou a parte teórica do Máster en Tradución y Novas Tecnoloxías: Tradución de Software e Produtos Multimedia da Universidad Internacional Menéndez Pelayo e Instituto Superior de Estudios Lingüísticos y Traducción.

Durante a carreira foi representante estudantil polos Comités Abertos de Facultade no Consello de Departamento, na Xunta de Facultade, no Claustro e no Consello de Goberno. Participou na redacción de diferentes regulamentos e na elaboración do Plan de Normalización Lingüística da UdC.

Leva militando no Bloque Nacionalista Galego desde os dezaseis anos, primeiro a través da súa organización xuvenil: Galiza Nova. Foi candidata ao Senado polo BNG en 2008. Participou da listaxe ás Eleccións Municipais nos anos 2007, 2011, 2015 e 2019 mais foi en 2012 logo da renuncia de Xoán Martínez Caxigal cando comezou a súa andaina como concelleira do BNG no Concello da Coruña, onde foi única concelleira da formación nacionalista durante o mandato 2015-2019.

Desde 2019, é concelleira do BNG xunto con Francisco Jorquera Caselas no consistorio coruñés.